

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA PARA O MANTENIMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO E ATENCIÓN DE NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS E SANITARIAS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN CARACAS, VENEZUELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Venezuela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Venezuela para o mantemento dun punto de información e asesoramento social e ademais colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio asistencial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para conseguir o obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Hermandad Gallega de Venezuela é a entidade galega de referencia no país caribeño que agrupa actualmente a máis de oito mil socias e socios emigrantes galegos e a súa descendencia, representativos da importante colonia galega residente en Caracas e a súa área xeográfica, colectivo de persoas ás que están dirixidos os programas e as actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración coa que está colaborando activamente.

Por un lado, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Venezuela o 3 de abril de 2007, creouse unha oficina de información e asesoramento, a través da que se está a desenvolver un labor de difusión, asesoramento, información e colaboración na xestión das solicitudes dos programas e actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración, cun incremento moi importante da actividade debido á situación que está vivindo o país.

Por outra banda, a entidade está a desenvolver unha importante política social, asistencial e sanitaria orientada a facer efectiva a cobertura médica básica de persoas con escasos recursos e que se atopan en situación de necesidade pertencentes á colectividade galega, tendo en conta que un gran número de persoas deste colectivo



non dispón da pensión económica de ancianidade que concede o Estado español, e os seus recursos non posibilitan a cobertura de tales necesidades. A propia entidade dispón de servizos básicos de asistencia social, de ambulatorio médico e atención sanitaria básica

É interese de ambas as partes manter e reforzar a súa colaboración, por unha banda, na prestación dos servizos de información, asesoramento e xestión que esta oficina facilita a todas as persoas integrantes da comunidade galega residente en Venezuela en todos os programas e as actividades que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración, exercendo ao mesmo tempo un labor de coordinación cos distintos puntos de información establecidos ao longo de todo o país; por outra banda, no mantemento do labor social, asistencial e sanitario orientado ás persoas residentes galegas que se atopan en situación de necesidade.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular, que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a concorrencia pública, de acordo co disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará cincuenta e cinco mil euros (55.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

